



*CORRECCIÓN DE ERROS: RESOLUCIÓN do 21 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba o listado definitivo de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos por motivos de saúde, reguladas pola Orde do 30 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 9 de maio).*

Advertidos erros na Resolución do 21 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba o listado definitivo de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos por motivos de saúde, que se publicou o día 24 de xullo de 2017 no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es>, cómpre facer as seguintes correccións, que serán obxecto de publicación no mesmo portal.

No apartado cuarto do resolvo, onde di:

<< Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.>>

Debe dicir:

<<Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería, <http://www.edu.xunta.es>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.>>

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

